




CONTOS QUE
CONTAXIAN ILUSION

bibliotecainfantil.fundaciononce.es



1




BALTASAR
nado para investigar

2

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



3

SOBRE AS ENFERMIDADES RARAS (ER)

As **enfermidades raras** son un conxunto de diferentes síntomas e son

MOI POUCO FRECUENTES.

Fíxate! Considérase unha enfermidade rara aquela que afecta unha ou dúas de cada mil persoas.


Existen unha morea de variedades e coñécese moi pouco delas; por iso gústanos dicir que rara non é a persoa.

RARA É A ENFERMIDADE...

Como a unión fai a forza, os médicos, os pais e os propios pacientes únense para **PROCURAR SOLUCIÓNS** que melloren a vida das persoas con enfermidades pouco frecuentes.

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontínua.



O **DIAGNÓSTICO** é o máis importante.

Por iso, fai falla máis investigación. Baltasar, que ten unha enfermidade rara que aínda non se sabe cal é, decidiu ser **INVESTIGADOR** para coñecer máis e atopar bos tratamentos para todos eles.

Pequerrecho, pero matón.

**Baltasar vaiche
gustar mogollón..**

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

GÚSTAME O SON DO MAR.

As ondas veñen e van.
 Como o farán? Persígoas e logo
 elas perséguenme. Por máis
 que corro, sempre lamben
 os meus tornecelos e me fan
CÓXEGAS nos pés.

Gústame a area mollada,
 pero a seca dáme **REPELO**.

Mami faime andar sobre ela, por algo relacionado
 cunha palabra difícil de repetir, pero que soa a
MOTOR-E-CIDADE...

7

Vivo nunha vila xunto ao mar e,
 cando me achego á beira, **A AVOA**
 non para de dicir:

“Balta, mete só os pés... Non vaia ser...”

O «Nonvaiaser» ese, debe ser
 un medorento....



Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontínua.

Cando baixo á cidade,
vou ao «hospiti». Alí todo é **BRANCO**.
As paredes, as batas, os zapatos,
as sabas, os tubos, os dentes,
os pelos, ata a miña doutora preferida
que se chama Branca...




Será que os pintou unha **NUBE** ?

Mami me hace andar sobre ella, por algo relacionado con una palabra difícil de repetir, pero que suena a

9

No cole hai **CORES**.
A miña profe
Marisa dáme bloques
grandes. Eu colócoos.
Salto cordas,
XOGO con pelotas
enormes e arrástrome
facendo
a croqueta.



DEBO TER UN RISO BONITO


PORQUE LLE GUSTA FACERME RIR.

10

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontínua.

OS MAIORES SON EXTRAÑOS.




Son así, serios.
Esquecen **MIRAR**
as cousas;

a pobre formiguiña que non pode
con esa migalla de pan; o vento
que levou esa folla
voando...



Onde a levará?


Non ven os peixes de cores
que hai na auga, tan
BONITOS...




11

A avoa di que eu pregunto moito. O que
son é un **curioso**. Por iso cando sexa
maior quero ser listo coma Branca
e descubrir o que acontece comigo.

Din que teño unha
enfermidade rara
Será por iso
de que **non me medran**
de todo **os dedos das mans?**



Os médicos non saben o
que teño. Están
buscando máis
casos coma
o meu para dar
co **diagnóstico**.



Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

As **PALABRAS** cústanme e non ando coma Luisma ou Allison (os meus **mellores amigos**).

Teño unha supercicatriz aquí, por unha **operación** que me fixeron ao pouquiño de nacer. E respirar é coma se me picase **o corazón**.

Esta tarde marchamos antes da praia, e iso que hoxe as ondas estaban **chulíííísimas**, porque tiñamos **BATALLÓN DE INVESTIGACIÓN** (o nome púxeno eu).



13



Unha vez á semana xuntámonos meus **pais** e eu, coa **profe** e os **MÉDICOS** (**facémolo por ordenador e mesmo podo velos**).


Falamos sobre os meus **PROGRESOS**.

Meus pais quedan sempre máis tranquilos porque imos **AVANZANDO** aos poucos.

14

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



Gústame velos
soprir. Saberán
 canto os quero?
 Abofé que si, porque
 Me **AGARIMAN**
 cunhas apertas
 tan quentiñas
 que me derreto.

Preto da **MiÑA PRAIA** hai unha illa.
 Papi, que sabe moito, di que no fondo
 hai restos de **BARCOS ROMANOS**.
 Encantaríame velos.

CREDES QUE PODERÍAN VOLVER FUNCIONAR?

Eu si o creo.

15



Trátase de **atopar**
 a forma de subilos arriba;
 xa se lle ocorrerá algo
 a papá. Logo, pegar os
BURACOS que se fixeron.

Mamá ten un
 fenomenal. E, ao final, colocar
 as velas, que a miña
 avoa ten
 unha **morea**
 de teas
 que lle
 penso pedir.

Volverán navegar.



16

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Coma eu, que non só **partirei**
con papá como o facían
eses romanos.

Tamén serei un **un descubridor**
de «novas terras» onde
os nenos con enfermidades raras
poidan **ATOPAR**
grandes tesouros.

*Nin as treboadas, nin as ondas,
nin os lóstregos, nin as sereas
nos poderán parar.*

17



Porque son
Baltasar,
nado
para **investigar**...

Fin

18

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.